

# REUNIÓN

DIRECCIÓN-Rep. SINDICAL, 14/03/11

Estes foron os temas tratados na reunión:

**VACACIONS.-** Despois da Sentencia do Tribunal de Xustiza das Comunidades Europeas do ano 2009, onde se reconece o dereito a disfrutar as vacacións unha vez reincorporado dunha I.T, aínda que vencese o ano natural, a negativa da Dirección a aplicala, obrigounos nestes dous anos, a que afiliados/as a **C.I.G.** tivesen que presentar Demandas que como todos sabemos se nos reconece este dereito, incluso ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Reclamación que tamén sendo compartida polo Comité de Empresa, pedíuselle a Dirección que dito dereito fose reconecido a tódolos traballadores/as .

Despois de que o pasado venres a Dirección no lo expuxera, no día hoxe, facilitanolo por escrito a súa interpretación. En concreto a súa posición é a seguinte:

1.- Para aqueles casos de traballadores/as que presentaron demanda ou formalizaran a reclamación escrita ante a Dirección, dende o ano 2009, se lles reconecen os días a disfrutar, onde por escrito e previo aviso de 2 meses se lles comunicaría.

2.- Os demais traballadores/as, tamén dende o ano 2009, que estando na mesma situación non formalizaron a reclamación, incorporariánselles ditos días a súa "bolsa individual", como xornadas de vacacións a disfrutar previo acordo co Taller. Este dereito é extensible os traballadores en situación de Xubilados parciais.

3.- A Dirección non contempla o dereito na súa totalidade, xa que deixa fóra os casos en que a I.T. se dea unha vez iniciado o período vacacional, non reconecendo o dereito a disfrutalas fóra do ano natural. É dicir:

*.- se o I.T. é anterior ó inicio das vacacións poderanse disfrutar no ano seguinte.*

*.- se o I.T. se produce iniciado ó período das vacacións, unha vez finalizado o ano natural, a Dirección non reconecería o dereito a facelo no ano seguinte.*

**COMENTARIO.-** Sen ser completo o paso dado pola Dirección, a **C.I.G.** si, quere ter un **recoñecemento** para cos seus afiliados e afiliadas así como para cos demais traballadores/as que afrontaron a reclamación ante a Xustiza, pois de non ser así seguro que este dereito seguiría sen ser reconecido. Grazas a eles e ós Sindicatos coma a **C.I.G.** que os apoiou e defendeu, hoxe **TODOS/AS** ven reconecida unha parte desta reclamación.

**VARIOS.-**

**Producción de Abril.-** confírmanse as previsións horarias deste mes. Neste tema, todos pedimos a Dirección unha reconsideración acerca de traballar a quenda de noite no domingo día 24. Din non ter moito marxe, pero que intentarían acadar unha solución.

**Préstamos Banca PSA.-** fáisenos entrega dun escrito que se dará a coñecer a plantilla sobre a condicións para préstamos persoais.

**Profesionais .-** Sabedores de que se están reincorporando as súas funcións o colectivo que sufriu a mobilidade funcional a **C.I.G.** pediu información dos casos pendentes.

## Confederación Intersindical Galega